

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 17 DE FEBREIRO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Betanzos.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Senda na AC-404. Treito: A Ponte-Santa Catalina, puntos quilométricos (P.Q.) 1+880-2+330, no concello de Santa Comba.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Abadín xunto co seu dominio público asociado, de dous treitos antigos da estrada LU-113.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se toma razón do encargo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) para a execución do Programa galego de vixilancia e control fronte á avespá asiática (avespa velutina), para o ano 2022.
- Acordo polo que se procede a interpoñer, de conformidade co disposto no artigo 32.2 da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, recurso de inconstitucionalidade en relación co artigo 20 e a disposición derogatoria única da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no marco do Proxecto Terra 2022-2023, por un importe de trescentos cincuenta e cinco mil cincocentos cincuenta e cinco euros (355.555 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación do servizo, por lotes, para a impartición de accións formativas dirixidas a mulleres desempregadas pertencentes, preferentemente, a municipios de menos de 30.000 habitantes no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de cinco millóns douscentos dezasete mil seiscentos oitenta euros (5.217.680 €), e un valor estimado de dez millóns catrocentos trinta e cinco mil trescentos sesenta euros (10.435.360 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o programa de axudas para a renovación de electrodomésticos (Galicia Renova Electrodomésticos) para o ano 2022.
- Informe sobre o balance de situación dos fondos europeos de recuperación Next Generation.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o avance do peche do exercicio 2021.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o sometemento a consulta pública previa da elaboración do anteprojecto de Lei do clima de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre a modificación do día de nacemento de Rosalía de Castro.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a aplicación do programa Leader en Galicia no ano 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO DO CONCELLO DE BETANZOS

- O decreto que aproba o emblema do municipio coruñés xa recibiu informe favorable da Comisión de Heráldica
- O Goberno galego leva aprobados un total de 269 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto que aproba o escudo do Concello de Betanzos, na Coruña, e que xa recibiu informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do 19 de novembro de 2021.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, o escudo é de azur (azul) coa ponte defendida de prata (branco) sobre ondas de prata e azur, e os de seis besantes de ouro (amarelo), tres en cada franco. Ao timbre, a coroa real pechada.

O Goberno galego leva aprobados un total de 269 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de modificar ou rehabilitar os seus símbolos para adaptalos ao decreto que os regula.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-404 ENTRE A PONTE E SANTA CATALINA, NO CONCELLO DE SANTA COMBA

- A actuación suporá un investimento autonómico de case 155.000 euros, en que se inclúe o pagamento dos 9 predios necesarios para executar os traballos
- A Consellería de Infraestruturas prevé avanzar nas expropiacións e licitar as obras neste primeiro semestre, para iniciar os traballos no segundo semestre do ano, cun prazo de 4 meses
- Executarase un itinerario peonil na marxe dereita da vía autonómica, con 450 metros de lonxitude e 1,8 metros de largo, con bordo de separación da estrada e gabia de seguridade, dando continuidade á zona de beirarrúas actual
- Para non afectar o rego das Dornas, proxéctase un muro de coeira de 8,5 metros de lonxitude
- O Goberno galego continúa traballando na mellora da rede viaria co fin de reforzar a seguridade e a comodidade nos desprazamentos cotiáns a pé dos usuarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras dunha senda peonil na estrada autonómica AC-404, entre A Ponte e Santa Catalina, no concello de Santa Comba.

A administración autonómica destinará a esta actuación un investimento que rolda os 155.000 euros, en que se inclúe o pagamento dos 9 predios necesarios para executar as obras.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará as obras neste primeiro semestre, co obxectivo de iniciar os traballos no segundo semestre do ano, cun prazo de execución de 4 meses.

Construirase unha senda peonil pola marxe dereita desta estrada de titularidade autonómica, entre os puntos quilométricos 1+880 e 2+330, que terá continuidade nos dous sentidos coas beirarrúas xa existentes, antes e despois, do tramo obxecto da actuación.

O itinerario peonil terá unha lonxitude de 450 metros e 1,8 metros de largo e construírse pola marxe dereita da AC-404, separado da estrada por un bordo e unha gabia de seguridade de 1,20 metros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención inclúe a instalación de 12,5 metros de barreira metálica sobre o muro de coeira previsto no punto quilométrico 2+210, de 8,5 metros de lonxitude, para non afectar o rego das Dornas e acadar unha mellor integración na contorna.

Tamén se prevé a reposición de sinais verticais ao longo do treito.

O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade nos desprazamentos cotiáns a pé, xa que os peóns son os usuarios máis vulnerables das estradas.

Esta actuación é susceptible de financiamento con fondos europeos Feder React-EU.



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE ABADÍN DE DOUS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA LU-113 NAS PARROQUIAS DE CORVITE E DE ABELEDO

- Transfírese un resto de 697 metros na marxe esquerda da actual vía autonómica, no lugar da Laxe, e outro antigo treito de 415 metros, tamén na marxe esquerda, no lugar de Sabugos
- A entidade local terá competencia para actuar nestes treitos e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto de cambio de titularidade aprobado polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Abadín de dous treitos antigos da estrada LU-113, ao seu paso polas parroquias de Corvite e de Abeledo.

A entidade local solicitou ao departamento de Infraestruturas da Xunta a cesión destes restos antigos da vía autonómica que conta cun tráfico totalmente local, tras terse acometido a obra de acondicionamento da LU-113 no treito entre Moncelos e Abadín.

O primeiro destes treitos atópase no lugar da Laxe, na parroquia de Corvite, e ten unha lonxitude aproximada de 697 metros, pola marxe esquerda da actual vía autonómica. O outro treito antigo, tamén na marxe esquerda da estrada, atópase no lugar de Sabugos, na parroquia de Abeledo, e ten unha lonxitude aproximada de 415 metros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia destes restos situados nas marxes da actual estrada LU-113.

A transferencia a prol do Concello de Abadín tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nese treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O ENCARGO PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE A AVESPA VELUTINA NESTE ANO

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo para renovar o encargo coa empresa pública Seaga para a execución dos traballos da retirada e destrución de niños de avésa velutina
- Ao Programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática xa se sumaron case o 98 % dos concellos galegos
- Comprenden a retirada e eliminación de nun prazo máximo de 5 días hábiles desde que os cidadáns avisen mediante chamada ao 012
- No ano 2021 estiveron adheridos ao Programa 300 concellos galegos e foron retirados case 18.000 niños, deles 6.417 na provincia da Coruña, 2.166 na de Lugo, 1.699 en Ourense e 7.575 na de Pontevedra
- Cando estes avisos se corresponden cunha urxencia ou son de risco especial por estaren en lugares moi concorridos, foron tipificados como tales ao recibir o aviso no teléfono 012 e derivados aos servizos de emerxencias correspondentes

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo polo que encarga á empresa pública Seaga a execución dos traballos de retirada e destrución de niños incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte a avésa asiática (avésa velutina), acordado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), a que se sumaron xa case o 98 % dos concellos galegos. As actuacións obxecto de encargo para vixilancia e control da avésa velutina consisten esencialmente na eliminación e retirada de niños por parte da Xunta en colaboración cos concellos adheridos a esta iniciativa.

Os termos esenciais do encargo comprenden a retirada e eliminación nun prazo máximo de 5 días hábiles desde que os cidadáns avisen mediante chamada ao 012. Dentro do posible procederase á retirada e eliminación dos niños activos, non obstante, cando as condicións pola súa localización, cos medios empregados non sexa posible a súa eliminación, sempre que se poida, neutralizárase o niño mediante insecticida. Se o niño non é accesible para a súa eliminación ou neutralización coas pértegas, a empresa realizará a valoración da necesidade de actuar con outros medios no caso de niños próximos a vivendas ou poboacións, ou deixarase como imposible de actuar, no caso de niños existentes en zonas rurais que non supoñan riscos para a poboación.

Para a retirada e destrución de niños, a empresa contará cun equipo de coordinación que organizará os equipos de intervención. Estes equipos de intervención contarán co

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

material e medios necesarios para a realización das actividades (pértegas, escopetas, marcadoras, equipamentos de protección individual, insecticida, transporte, material informático...) para a realización das actividades.

Balance 2021

No ano 2021 estiveron adheridos ao programa 300 concellos galegos, máis do 96 % dos concellos. No ano 2021, o operativo de Seaga encargado da encomenda retirou case 18.000 niños (17.857) entre eliminados e neutralizados: 6.417 na provincia da Coruña, 2.166 na de Lugo, 1.699 en Ourense e 7.575 na de Pontevedra.

O equipo contou con 80 efectivos que dispuxeron dos medios materiais necesarios para realizar o traballo con todas as garantías de seguridade. Deste xeito, a Xunta tamén reforzou o seu equipamento para ser máis eficientes coa dotación de novas marcadoras de aire comprimido de grande alcance, pértegas de fibra de carbono máis lixeiras e fáciles de usar e bombas de batería para a impulsión de biocida, que facilitan e axilizan o traballo de neutralización dos niños.

Na maioría dos niños retirados, os efectivos de Seaga levaron a cabo os traballos nun prazo de menos de cinco días hábiles. En caso de existiren dificultades para o acceso, realizáronse as actuacións necesarias para proceder coa maior rapidez posible.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA INTERPOÑER RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE POLAS DISCREPANCIAS XURDIDAS NA LEI ESTATAL DE CAMBIO CLIMÁTICO

- Galicia leva advertindo desde 2019 da inseguridade xurídica que xeran para as empresas do complexo mar-industria as decisións do Goberno central, primeiro impulsando a modificación do Regulamento xeral de costas e agora con esta lei
- Supón limitar a duración máxima das concesións a 75 anos, incluídas as prórrogas, que só se outorgarán “de seren estas posibles” —é dicir, se o Estado as considera posibles— e con base en criterios indeterminados
- Afecta máis dun cento de empresas e outras preto de 3.000 edificacións situadas na liña de costa

O Consello da Xunta acordou hoxe interpoñer recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de cambio climático, logo de non chegar a acordos no seo da Comisión Bilateral co Estado.

O recurso ten como obxectivo acadar a seguridade xurídica necesaria para o sector e procura unha solución que dea seguridade a máis dun cento de empresas da cadea mar-industria e a outras preto de 3.000 edificacións situadas na liña de costa.

No *Boletín Oficial del Estado* do 21 de maio publicouse a Lei de cambio climático e transición enerxética, Lei 7/2021, do 20 de maio, con respecto á cal o Goberno galego mantén discrepancias en relación co artigo 20, que prevé a consideración do cambio climático na planificación e xestión da costa, así como na xestión dos títulos de ocupación do dominio público marítimo-terrestre (DPMT).

Isto é algo que, segundo argumenta a Xunta, afecta a duración das concesións e das súas prórrogas no DPMT, así como os requisitos para acceder a estas, provocando unha gran confusión normativa, sen permitir que os seus destinatarios e os operadores xurídicos saiban a que aterse.

Esta regulación suscita grandes dúbidas respecto do dereito vixente no ámbito das prórrogas extraordinarias de que se trata, vulnerando así a seguridade xurídica. Supón limitar a duración máxima das concesións a 75 anos, incluídas as prórrogas, que só se concederán “de seren posibles” —é dicir, se o Estado as considera posibles— e con base en criterios indeterminados, o que pon en risco a viabilidade das empresas que deseñaron os seus plans empresariais de acordo cos prazos anteriormente previstos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia leva advertindo desde 2019 da inseguridade xurídica que xeran para as compañías do complexo mar-industria as decisións do Goberno central, primeiro impulsando a modificación do Regulamento xeral de costas —a que a Xunta presentou alegacións— e agora con esta Lei de cambio climático, que será impugnada polo Goberno galego ante o Tribunal Constitucional tras a non rectificación do Executivo estatal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O COAG RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA AFIANZAR A CULTURA DA ARQUITECTURA E O URBANISMO RESPONSABLE ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

- A Consellería de Medio Ambiente e o Colexio de Arquitectos de Galicia impulsan unha nova edición do Proxecto Terra, cun orzamento de 355.555 € entre 2022 e 2023
- A colaboración deu inicio en 2003 e desde entón o Goberno galego achegou preto de 2 M€ para a elaboración de actividades didácticas
- O convenio permitirá a reedición do programa educativo *Eu son inspect@urbanístic@*, para divulgar entre os máis cativos a importancia de coñecer o territorio, os elementos que o compoñen, a contorna próxima e a súa paisaxe

A Xunta e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) renovan a súa colaboración para afianzar a cultura da arquitectura e o urbanismo responsable entre a comunidade escolar, no marco do Proxecto Terra.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un novo convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o COAG, para o desenvolvemento de actuacións que camiñen na consecución dun obxectivo claramente definido e compartido, como é mellorar o coñecemento que a cidadanía de Galicia debe ter do urbanismo, a arquitectura e a paisaxe.

A Xunta achegará un 90 % do orzamento previsto para as anualidades 2022 e 2023, que ascende en total a 355.555 euros, co fin de levar a cabo actuacións de sensibilización, concienciación, formación e divulgación sobre os espazos e lugares que habitamos, nas distintas etapas educativas (infantil, primaria e secundaria). Trátase de aprender do pasado para proxectar o futuro, asumir con responsabilidade a xestión do patrimonio construído herdado, administralo con equilibrio e traspasalo con xenerosidade.

A colaboración entre ambas as entidades deu inicio en 2003 e desde entón o Goberno galego achegou preto de 2 millóns de euros para a elaboración de actividades didácticas.

Entre as actuacións subvencionables ao abeiro deste convenio destacan a segunda edición de *Eu son inspect@urbanístic@. Coida o territorio, coida do teu*, que ten como obxectivo promover o coñecemento do territorio, dos elementos que o compoñen, da contorna próxima e da paisaxe, trasladando aos máis pequenos o valor de coidalo.

Tamén se poderán adquirir, publicar e renovar, se é o caso, materiais didácticos que o COAG remite aos centros educativos galegos para que traballen nas aulas aquelas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cuestións relacionadas co territorio, o urbanismo e a paisaxe, así como a súa integración nas aulas TIC.

O convenio tamén estipula a posibilidade de asumir os custos derivados das actividades para o ensino primario e secundario que se desenvolvan fóra do centro, como poden ser as visitas guiadas de arquitectura contemporánea e intercambios territoriais; ao tempo que se dará continuidade á exposición sobre o Proxecto Terra –para celebrar os 20 anos de vixencia– nas cidades galegas.

Ambas as entidades defenden os beneficios de realizar traballos que permitan un maior coñecemento, interese e importancia da incidencia da actividade humana sobre o territorio, co obxectivo de acadar unha mellor e maior implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, e incidindo nun mellor coñecemento e respecto pola nosa ordenación urbanística.

Cómpre recordar que no ano 2010 o Proxecto Terra recibiu o Premio Nacional de Urbanismo e foi a primeira vez que se concedeu a unha iniciativa educativa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORARÁ AS CAPACIDADES DIXITAIS E PARA O EMPRENDIMENTO DE MÁIS DE 10.000 MULLERES NO RURAL PARA INCREMENTAR AS SÚAS OPORTUNIDADES LABORAIS

- Por medio dun novo programa, cun investimento inicial de 5,2 millóns de euros, preténdese axudar con preferencia a desempregadas e a mulleres residentes en concellos con menos de 30.000 habitantes
- Poderán beneficiarse da iniciativa tamén as traballadoras ocupadas que teñan solicitada unha mellora de emprego
- A Xunta aprobou hoxe sacar a licitación o contrato para que as entidades interesadas poidan impartir a formación, que se financiará con fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

Galicia ofrecerá un novo programa para a capacitación dixital e para o emprendemento de mulleres, preferentemente desocupadas e residentes en municipios con menos de 30.000 habitantes. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á licitación do servizo, que proximamente se publicará na plataforma Contratos de Galicia, para que as entidades interesadas en impartir a formación poidan presentar a súa candidatura.

O programa, de nova creación, conta cun investimento inicial previsto de 5,2 millóns de euros, financiados con fondos europeos para a recuperación. Está dirixido con prioridade a mulleres desempregadas e con residencia en contornas rurais, en concreto en municipios con menos de 30.000 habitantes. Tamén as mulleres traballadoras ocupadas poderán acceder a esta cualificación, sempre que estean inscritas como demandantes dunha mellora de emprego e as prazas non se cubran coas primeiras.

A Xunta prevé que un total de 10.034 mulleres poidan ver melloradas as súas competencias dixitais e para o emprendemento coa seguinte distribución por provincias: 4.014 na Coruña, 903 en Lugo, 1.103 en Ourense e 4.014 en Pontevedra.

O obxectivo último da iniciativa consiste en mellorar a cualificación das persoas participantes no programa, ofrecer maiores oportunidades de inserción ás mulleres das contornas rurais e favorecer o seu emprendemento, sen que a fenda dixital supoña limitación ningunha.

As accións formativas distribuiranse nun total de 45 horas en modalidade presencial ou aula virtual, a través do Campus de Formación para o Emprego do Goberno galego. Incluirán módulos de competencias dixitais básicas e avanzadas, e dirixidas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especialmente ao emprendemento; así como 5 horas de formación transversal en materia de igualdade.

Plan emprega muller

O novo programa insírese no Plan emprega muller que a Xunta está a desenvolver este ano cun orzamento de 34,3 millóns de euros. Nel inclúense apoios integrais para a formación, o acceso, o mantemento, a consolidación e a promoción profesional das mulleres galegas, en que se presta especial atención á formación en sectores con subrepresentación feminina.

Entre as novidades, inclúe programas integrados de emprego exclusivos para mulleres, que se prevé que cheguen a máis de 1.000 beneficiarias; unidades formativas en empresas para financiar a cualificación dunhas 1.200 traballadoras en activo e incentivando a contratación; o Muller 22, unha aposta para incorporar 1.000 mulleres ao mercado laboral con incentivos ás empresas, ou o programa remuda xeracional con apoios para que sexan traballadoras as que se incorporen aos cadros de persoal de persoas próximas á xubilación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AXUDARÁ A 13.000 FAMILIAS GALEGAS A RENOVAR OS ELECTRODOMÉSTICOS DOS SEUS FOGARES E AFORRAR 540.000 EUROS AO ANO NA SÚA FACTURA ELÉCTRICA

- O Goberno autonómico aproba a convocatoria do programa Galicia Renova Electrodomésticos, que conta cun orzamento de 2M€
- Os consumidores con máis dificultades terán unha intensidade de axuda superior que pode chegar ao 75 % do custo e ata 450€ por aparello
- O prazo de adhesión de establecementos, encargados da tramitación das axudas, abrirase unha vez publicadas as bases da convocatoria, e o de solicitudes de apoios por parte dos consumidores o 23 de marzo
- Esta medida favorecerá a mobilización directa de 7 millóns de euros, así como unha redución de emisións de CO₂ equivalente á acción de 40.000 árbores e o mantemento ou creación dun centenar de empregos
- Con esta iniciativa da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación preténdese apoiar as familias galegas nun momento de elevada inflación dos produtos enerxéticos, á vez que se dinamiza o sector comercial

O Consello da Xunta informou da nova convocatoria de axudas destinada á renovación de electrodomésticos nos fogares galegos que, durante este ano 2022, permitirá a 13.000 familias aforrar 540.000 euros ao ano na súa factura eléctrica, nun momento en que a elevada inflación dos produtos enerxéticos está a impactar considerablemente nos fogares.

Os apoios do programa Galicia Renova Electrodomésticos están dirixidos a persoas que residan en vivendas localizadas en Galicia e queiran renovar os seus equipos por outros da mesma tipoloxía e coa seguinte cualificación enerxética: frigorífico ou frigorífico conxelador A, B, C ou D; conxelador A, B, C ou D; lavadora A, B ou C; lavalouza A, B ou C, ou placa de indución total.

As axudas a que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación destina un total de 2M€ serán de concorrencia non competitiva -por orde de solicitude- e serán pedidas a través de entidades colaboradoras.

Os apoios poderán acadar o 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral e do 50 ou 75 % para os consumidores con máis dificultades, polo que, segundo a tipoloxía de electrodoméstico e o consumidor, as axudas irán desde os 100 aos 450 euros. Cada beneficiario só poderá recibir unha axuda para cada unha das tipoloxías cun máximo de tres electrodomésticos por beneficiario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta nova convocatoria a Xunta de Galicia prevé promover unha mobilización de 7M€, aforros económicos anuais de 540.000 euros, unha redución do consumo enerxético de 2700MWh/ano, unha diminución das emisións de CO₂ equivalente á plantación de 40.000 árbores e o mantemento ou creación dun, aproximadamente, centenar de postos de traballo, entre directos e indirectos.

Galicia avanza, polo tanto, na transición enerxética promovendo un cambio cultural que proporciona ás familias as ferramentas necesarias para a descarbonización da economía a través deste programa para a renovación de electrodomésticos, pero tamén do fomento das renovables ou da promoción da mobilidade sustentable.

Preténdese non só a redución dos custos enerxéticos e a mellora da calidade de vida ligada ao coidado ambiental, senón tamén contribuír á dinamización comercial, xa que se agarda a adhesión de ao redor de 500 establecementos a esta iniciativa.

Neste sentido, as entidades colaboradoras poderán adherirse desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, programada para o mes de febreiro, e ata o 30 de xuño, mentres que os particulares poderán solicitar as axudas a partir do 23 de marzo e ata o 30 de setembro.

Na pasada convocatoria a Xunta apoiou un total de 20.259 actuacións e serviu como medida para reactivar a actividade comercial e facer fronte aos efectos da pandemia neste sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ASUME O RETO DE TRANSFORMAR O SEU MODELO PRODUTIVO A TRAVÉS DOS NEXT GENERATION, PERO ADVIRTE DE QUE O GOBERNO CENTRAL RESERVA PARA SI PRETO DO 70 % DOS FONDOS

- A candidatura galega conta cunha carteira de proxectos sólidos para aspirar a unha Galicia máis verde, máis dixital e máis cohesionada, que pense sobre todo no rural e nas pemes
- A Xunta lamenta que o Executivo estatal decidise quedar co 100 % dos fondos industriais, cando é unha competencia autonómica
- A centralización na xestión das axudas por parte do Estado está provocando ademais unha baixa execución destas, xa que dos fondos aprobados para o tecido produtivo só resolveu o 20 %
- A Comunidade recibe un dobre castigo, pois a unha transición enerxética inxusta que pon en perigo 16.000 empregos industriais en Galicia súmase agora a pouca axilidade na chegada de fondos europeos ás empresas
- O Goberno galego lamenta esta falta de transparencia e de cogobernanza, así como o atraso acumulado nos Perte, xa que só hai catro aprobados pero as axudas vinculadas a eles aínda están sen convocar
- Galicia segue a facer os seus deberes e traballando na definición das propostas que poidan optar aos Perte, como é o caso da automoción co proxecto AutoAncora; os 23 proxectos que conforman a candidatura para saúde de vangarda ou as iniciativas por máis de 1000 millóns de euros na industria agroalimentaria
- A Administración autonómica xa ten planificadas 75 actuacións e convocatorias que suman 700M€ procedentes dos Next Generation, entre as que destacan as axudas vinculadas ao eido dos servizos sociais, a eficiencia enerxética, o emprego mozo ou a economía circular

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, a situación actual da repartición dos fondos europeos por parte do Goberno central. Galicia está disposta a asumir o reto de lograr a transformación do seu modelo produtivo a través desta oportunidade histórica e, desta maneira, avanzar no binomio sustentabilidade-industria para ser máis verde e máis dixital, prestando especial atención ás pemes.

Pero para lograr este obxectivo é preciso que antes se produza un cambio de actitude por parte do Executivo central, en que aposte realmente pola cogobernanza e a colaboración entre administracións. Porque, da análise e seguimento realizados ata agora, a realidade é que dos preto de 70.000 millóns de euros con que España conta para axudas a fondo perdido procedentes de Europa no marco dos Next Generation, o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Goberno reservou para si o 68 %, repartindo entre as comunidades autónomas o 28 % -a cantidade restante é para entidades locais-.

Deste xeito, as administracións autonómicas están vendo limitada a súa capacidade para poñer en marcha iniciativas transformadoras a través destes fondos, que son un instrumento dinamizador e unha oportunidade para impulsar a recuperación e facer fronte aos efectos económicos e sociais da pandemia.

Dos 19.131 millóns de euros para o período 2021-2023 que o Estado aprobou para seren posteriormente repartidos entre as CCAA, a Galicia correspóndenlle un total de 1147 millóns de euros, o que supón o 6 %.

A estes criterios de repartición unilaterais por parte do Goberno, sen ter en conta as comunidades autónomas, cómpre engadir que, dos 11.450 millóns repartidos o ano pasado, o 21% nin sequera pasou polas conferencias sectoriais. Só así se explica, por exemplo, que concedese de xeito directo a Estremadura 57M€ para un centro de innovación, sen dar a oportunidade a Galicia a optar a estas axudas a través dunha convocatoria pública. En relación cos proxectos públicos incluídos na candidatura galega, dos 6975 millóns de euros e 248 proxectos presentados, obtívose un financiamento de 676 millóns de euros para 81 proxectos, é dicir só o 9,7%.

Por outra banda, a decisión do Estado mencionada con anterioridade de reservar para si o 68 % das axudas a fondo perdido dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia -preto de 50.000 millóns de euros- tamén revela a falta de transparencia coa que está xestionando os fondos, carecendo ademais dunha fonte oficial que de xeito centralizado estea a recoller os datos de execución.

Xunto coa falta de transparencia obsérvase unha baixa execución dos fondos reservados directamente para o tecido produtivo -as convocatorias resoltas que se enmarcan neste apartado só alcanzan o 20 % dos fondos previstos en 2021-; unha lentitude na chegada dos fondos ás empresas que pode dificultar, no futuro, a súa execución nos prazos que marca Europa. Ademais, segundo os cálculos do Instituto de Estudos Económicos, dos 19.000 millóns de euros recibidos por España o ano pasado, os fondos que realmente chegaron á economía española apenas roldan os 1500.

Centralización dos fondos de industria

Galicia tamén descoñece por que o Goberno decidiu centralizar o 100 % dos fondos destinados á industria, a pesar de que se trata dunha competencia autonómica. Esta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

circunstancia evidencia unha falta de cogobernanza coas comunidades e pon en perigo a súa correcta execución.

Esta circunstancia afecta de maneira especial a Galicia, que se ve dobremente castigada, xa que a maiores está vendo como á falta dunha transición enerxética xusta e de políticas industriais por parte do Executivo central poñen en perigo en Galicia 16.000 empregos (entre os casos máis destacados, Alu Ibérica, Alcoa, Ence ou as centrais das Pontes e Meirama), súmase agora a pouca axilidade na chegada de fondos europeos ás empresas, como ocorre no caso do Fondo de Transición Xusta, que ni tan sequera ten aprobado o seu programa operativo.

O informe avaliado polo Consello da Xunta tamén detecta unha atomización dos fondos con pequenos orzamentos, a imposición de prazos de presentación pouco realistas -que outorgan escasos días para preparar os proxectos, o que dificulta o acceso das pemes aos fondos; por exemplo, o 20 % das convocatorias tiñan prazos de presentación de solicitudes inferiores a 15 días-, a lentitude nas convocatorias para grandes proxectos, así como a falta de criterio e rigor que levan á desconfianza da cidadanía e do tecido empresarial.

Proxectos estratéxicos

Na reunión do Consello tamén se avaliou a situación dos proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (Perte). Ata o momento só se aprobaron as bases de catro convocatorias (automoción, saúde de vangarda, enerxías renovables e agroalimentación), pero en ningún caso se abriu o prazo de solicitude para as axudas.

A pesar deste clima de incertezas e desta falta de transparencia e de cogobernanza, Galicia segue mirando cara adiante e facendo os seus deberes. Así, estase a traballar na definición de propostas que poidan participar nestes Perte, tendo en conta a falta de información e concreción por parte do Goberno central sobre o contido das convocatorias que se van abrir dificulta este labor.

Galicia conta cunha candidatura sólida e unha carteira de proxectos solventes. En concreto, a Comunidade, coordinada cos sectores económicos, traballa nun conxunto de proxectos estratéxicos candidatos aos Perte en que participan preto de 200 empresas cun investimento de ao redor de 8000 millóns de euros e coa previsión de crear máis de 10.000 empregos. Neste eido, destaca o labor da Oficina de proxectos tractores, que acompaña as empresas tanto na xestión como na tramitación de iniciativas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso da automoción, a Xunta conseguiu que o Goberno reconsiderase o deseño do Perte para que a proposta de AutoAncora -impulsada por Stellantis, Ceaga e o CTAG, coa colaboración da Administración galega- poida optar aos fondos europeos. Trátase dun proxecto de transición tecnolóxica, dixital e ecolóxica no sector a través de sete actuacións cun investimento total de 1279 millóns. En calquera caso, desde Galicia hai unha preocupación xustificada pola maneira de actuar do Goberno, deseñando o Perte sen contar con Stellantis, o primeiro fabricante de España, e anunciando despois -antes incluso de aprobar o propio Perte no Consello de Ministros- a súa participación nun consorcio público-privado para desenvolver en Cataluña unha fábrica de baterías.

A candidatura galega recolle tamén 23 proxectos por 850M€ para o Perte de saúde de vangarda -entre os que se atopa a creación dun polo biotecnolóxico para a produción e envasado de vacinas a cargo de Zendal- e xa traballa con outras comunidades autónomas en actuacións e investimentos vencellados. En canto ao Perte de enerxías renovables, hidróxeno verde e almacenamento, Galicia suma iniciativas por máis de 3800 millóns de euros, mentres que para o Perte agroalimentario son máis de 1000 millóns, incluíndo, entre outras, as propostas de Hijos de Rivera, o grupo Profand, Jealsa e Cafés Candelas.

Galicia conta, ademais, con dous proxectos para o Perte de economía circular como a fábrica de fibras téxtiles -liderada por Altri, cun investimento previsto de 800 millóns, que favorecerá a creación de 1500 postos de traballo e a produción de 200.000 toneladas ao ano de lyocell empregando madeira procedente dos bosques galegos- e o centro de economía circular, orientado á xeración de biogás a partir de residuos. Desde Galicia agárdase tamén que o Goberno central avance noutros Perte centrados en sectores estratéxicos para a Comunidade como o aeroespacial ou o naval.

Unha Galicia máis verde, dixital e cohesionada

O Consello da Xunta tamén fixo balance dos 701,6M€ procedentes dos fondos Next Generation que o Goberno entregou á Administración autonómica. Esta cantidade sitúa Galicia como a sexta comunidade, pero ocupa a décima posición en fondos per cápita. Actualmente, Galicia xa ten planificadas 75 actuacións e convocatorias de axudas. Destacan os proxectos de innovación dos servizos sociais por 45,44 millóns de euros; as axudas para transición enerxética xusta e inclusiva, así como o Moves III (entre todas suman ao redor de 50M€); as ordes de apoios para emprego mozo que superan os 24 millóns; o programa de rehabilitación enerxética de edificios (3,67 millóns) ou o plan de apoio á implementación da normativa de residuos e fomento da economía circular (11,84M€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste apartado tamén cómpre sinalar accións en materia de competencia dixital educativa, dixitalización e impulso dos grandes servizos culturais; un plan de mellora do abastecemento e redución de perdas en redes de municipios pequenos e medianos ou para a transformación da rede de coidados de longa duración.

En definitiva, Galicia segue insistindo na necesidade dunha cogobernanza efectiva que permita sobre todo unha repartición xusta dos fondos europeos e que estes cheguen ás pequenas e medianas empresas para lograr a transformación real do modelo produtivo galego e avanzar na recuperación económica e social cara a unha Galicia máis verde, máis dixital e máis cohesionada e inclusiva, pensando sobre todo no rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PANDEMIA SUPUXO EN 2021 UN GASTO EXTRAORDINARIO PARA A XUNTA DE 900 MILLÓNS, 300 MÁIS QUE NO 2020

- A Administración autonómica fixo un esforzo adicional de 80 millóns por riba dos recursos recibidos
- A sanidade, a educación, as políticas sociais e o emprego foron as áreas priorizadas para reforzar os servizos públicos
- Nos dous anos de pandemia a Xunta destinou máis de 1.500 millóns de euros para gastos extraordinarios

A pandemia supuxo no ano 2021 un gasto extraordinario para a Xunta de Galicia de 901,7 millóns de euros, cun esforzo adicional para a Administración autonómica de 80 millóns de euros, xa que tivo que gastar esa cantidade por riba dos recursos recibidos.

Así se reflicte nun informe da Consellería de Facenda e Administración Pública sobre o gasto motivado pola COVID o ano 2021, analizado hoxe polo Consello da Xunta, que recolle que a Xunta destinou o ano pasado preto de 300 millóns de euros máis que en 2020 para loitar contra a pandemia e os seus efectos.

Ademais, o reforzo adicional da Administración autonómica nestes dous anos de pandemia, en relación cos recursos extraordinarios que recibiu doutras administracións foi de 170 millóns de euros, 90 en 2020 e 80 en 2021.

O Goberno galego aprobou o ano pasado uns orzamentos cun triplo obxectivo: seguir combatendo a pandemia, axudar á reactivación económica e impulsar a dinamización da economía, e atender as necesidades das familias e dos sectores máis afectados polos efectos da COVID.

Por iso, as prioridades á hora de destinar recursos extraordinarios foron as áreas vencelladas ás actividades dos servizos públicos fundamentais e o emprego. Así, destes 901,7 millóns de euros, 349,5 millóns de euros –a maior parte– foron para a Consellería de Sanidade; 158,8 millóns de euros para a de Educación; 119 millóns de euros para a de Emprego e Igualdade e 83,1 millóns de euros para a de Política Social.

Pola tipoloxía de gasto, os maiores reforzos centráronse en todo o referido cos gastos correntes dos servizos públicos, aos cales se destinaron 662,5 millóns de euros, 141 millóns de euros máis que en 2020, e, dentro destes, de maneira especial nos gastos de persoal, con 218,4 millóns de euros, practicamente 50 millóns de euros máis que o ano pasado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis de 1.500 millóns en dous anos

Nos dous anos da pandemia, entre marzo de 2020 e decembro de 2021, o gasto extraordinario da Administración autonómica superou os 1.500 millóns de euros, dos que máis de 620 millóns de euros foron para actuacións en sanidade, case 274 para accións en educación, máis de 153 a reforzo das políticas sociais e outros 172 millóns a proxectos de emprego e igualdade.

Por tipoloxía de gasto, 1.184 millóns de euros destináronse ao fortalecer os gastos correntes, cunha atención moi importante ao reforzo do persoal, que propiciou un esforzo extraordinario de preto de 400 millóns de euros co fin de atender todas as necesidades dos servizos públicos por mor da pandemia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA A LEI DO CLIMA PARA CONSIDERALO VALOR PRIORITARIO EN TODAS AS ACCIÓNS FUTURAS DA COMUNIDADE

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda inicia mañá a consulta pública previa para recibir as achegas da sociedade galega
- Esta norma fixará que todas as políticas, estratexias, plans de acción e regulacións que se impulsen desde o Goberno galego deberán ponderar os seus efectos sobre este fenómeno mundial
- Rexerán os principios de precaución e de responsabilidade ambiental, de xeito que se prioricen as posturas de protección; e o de sustentabilidade, para construír unha sociedade máis evolucionada, xusta, responsable e resiliente
- Con esta lei, Galicia recoñece por primeira vez a neutralidade climática como unha obriga legal e súmase aos Estados membros europeos que xa pasan á acción, fronte ás declaracións, para acadala antes de 2050

A Xunta de Galicia impulsa a súa primeira Lei do clima co obxectivo principal de consideralo un valor prioritario e protexido en todas aquelas políticas, con independencia da súa natureza, que se desenvolvan no futuro na Comunidade.

O anteproxecto desta futura normativa iniciará este venres 18 de febreiro o período de consulta pública previa, para que o conxunto da sociedade coñeza os motivos polos que nace esta lei e facela partícipe, a través das súas achegas, co fin de enriquecela.

A Xunta defende que as consideracións xeográficas, climáticas, sociais e económicas son fundamentais para avaliar e valorar a vulnerabilidade, xestionar os riscos e identificar escenarios futuros para as variables climáticas.

Nese sentido, as políticas, estratexias, plans de acción e lexislación que se impulsen na Comunidade deberán ponderar o alcance dos seus efectos sobre o cambio climático. Así, o clima pasa a ter unha consideración prioritaria no marco de calquera política para os actuais e futuros gobernos.

As medidas e accións que se deseñen e desenvolvan en Galicia defenderán os principios de precaución e de responsabilidade ambiental, de xeito que se prioricen as posturas de protección; o de sustentabilidade, para construír unha sociedade máis evolucionada, xusta, responsable e resiliente; e os de dilixencia ambiental e non causar prexuízo significativo, de xeito que todas as respostas ao cambio climático beneficien a totalidade da poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outros principios son o de transparencia, xustiza e información e participación pública, aplicando os coñecementos científicos e a integridade nas decisións que se tomen e que reforcen as relacións entre a política e a investigación.

Galicia, na senda da neutralidade climática

Esta lei será a primeira que recoñeza como unha obriga legal acadar a neutralidade climática de Galicia no ano 2050, é dicir, que a cantidade de emisións de gases efecto invernadoiro (GEI) que se emiten á atmosfera sexa a mesma que poida ser absorbida polos sumidoiros naturais galegos —bosques, mares, etc.—, ou compensadas con outras accións. Así, súmase aos Estados membros europeos que xa pasan á acción, fronte ás declaracións, para acadala antes de 2050.

A norma promoverá un crecemento sosegado e unha transición ordenada, non só para acadar os obxectivos climáticos; senón tamén para facilitar a planificación e mellorar os efectos da totalidade de investimentos. Trátase, pois, de desvincular o crecemento económico das emisións de efecto invernadoiro e mellorar a resiliencia, polo que se apostará por aplicar os criterios de prevención e protección, fronte a incerteza.

Mecanismos de avaliación, coordinación e participación

Despois de establecer a súa ambición climática na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, agora a Xunta dá un paso máis e convértea nunha obriga legal, tendo en conta que a resposta a este fenómeno global precisa da implicación e da acción conxunta de todos os membros dunha sociedade.

Cómpre lembrar que a Estratexia marcou un fito imprescindible da planificación e da acción da Comunidade, xunto co seu primeiro plan operativo 2019-2023, que conta con 171 medidas e un orzamento de 1.280 millóns de euros.

En todo caso, a lei prevé fixar novos mecanismos de planificación específicos para examinar e establecer obxectivos intermedios que sexan consonantes cos obxectivos da Unión Europea e á repartición do esforzo nacional; así como de coordinación, con que manter a Comunidade á vangarda da acción climática e poñer en valor o traballo galego na resposta fronte ao cambio climático.

Así mesmo, potenciará os entes de coordinación e participación xa en marcha na Comunidade, como son o Pacto das alcaldías polo clima e enerxía —a que na actualidade xa están adheridos 279 concellos—, pois as 313 administracións locais teñen moito que achegar á resposta galega fronte ao cambio climático; ou a Alianza polo clima, unha rede de organizacións sociais, ambientais e económicas do conxunto de Galicia que impulsarán a economía circular e melloren o ambiente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, unha maior coordinación das accións de todos os organismos e entidades participantes permitirán potenciar e multiplicar os resultados das medidas e apuntalar a posición de referente de Galicia.

Coa Lei do clima, Galicia avanza firme por unha senda en liña coas políticas europeas e mundiais para frear o cambio climático, un camiño que xa acadou varios fitos importantes, como –ademais da citada Estratexia de cambio climático- a Estratexia de economía circular 2030 e a Lei de residuos e solos contaminados, con que se mellorou a capacidade de resiliencia da Comunidade, tal e como demostra a redución dun 23,8 % de emisións GEI respecto a 1990 –32 puntos por enriba da media nacional–.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFICIALIZA O 23 DE FEBREIRO COMO DÍA DE CELEBRACIÓN DO NACEMENTO DE ROSALÍA DE CASTRO

- O Consello da Xunta informa sobre a modificación desta data tras o achado dunha declaración notarial de 1843 que constata que non naceu o 24, como se pensaba
- É un dos momentos máis sinalados do calendario cultural galego incluído tanto nas actividades do calendario escolar como no do Libro e da Lectura de Galicia

A Xunta elevou a Consello da Xunta un informe sobre a recente modificación na data de nacemento de Rosalía de Castro tras a aparición dunha declaración notarial que fixa no 23 de febreiro, e non no 24, o día en que naceu a autora. Oficialízase así o cambio de data para o que o Goberno autonómico anima as entidades e institucións públicas e privadas a trasladar as celebracións a ese día cunha programación de actos e actividades que actualicen a figura e mais o legado literario e cultural de Rosalía de Castro

A decisión do cambio tómase despois de que en xaneiro se celebrase unha xuntanza na Fundación Rosalía de Castro en Padrón coa participación do padroado da entidade e demais institucións e asociacións vinculadas á figura da poeta. Alí decidiuse de xeito colectivo trasladar o día de celebración do nacemento de Rosalía de Castro. Aceptábase así o resultado da investigación da filóloga Sagrario Abelleira, que detectou o erro na historiografía rosaliana.

A datación do seu nacemento situábase ata o de agora no día 24 de febreiro de 1837. Unha investigación levada a cabo por Abelleira no Arquivo Diocesano de Madrid, coa colaboración da arquivista Irene Galindo, detectou o erro na fixación desa data e documenta o 23 de febreiro como a data da chegada ao mundo de Rosalía de Castro.

Documento inédito

En concreto, Sagrario Abelleira localizou o expediente matrimonial de Rosalía e Murguía, que casaron en Madrid en 1858. Trátase dun documento que ata agora non se coñecía e que indica unha data distinta para o nacemento da autora nunha declaración notarial feita en xuño de 1843 pola súa nai, Teresa de Castro, e que se achegou nese momento como documento necesario para a formalización do matrimonio.

O día do nacemento de Rosalía de Castro, cada mes de febreiro, converteuse nos últimos anos nunha das datas máis sinaladas do calendario cultural galego. É unha data incluída tanto nas actividades previstas no calendario escolar do sistema educativo de Galicia como no calendario do Libro e da Lectura de Galicia que promove a Xunta no marco da Lei do libro e da lectura de Galicia. Ademais, o Goberno autonómico, xunto á

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Fundación Rosalía de Castro e o Concello de Padrón, así como distintas entidades públicas e privadas e asociacións socioculturais e educativos de Galicia, realizan diferentes actos e actividades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBOU EN 2021 UN TOTAL DE 280 PROXECTOS BENEFICIARIOS DO PROGRAMA LEADER, CREANDO 205 NOVOS EMPREGOS E CONSOLIDANDO CASE 700 POSTOS DE TRABALLO NA NOSA COMUNIDADE

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o impacto destas achegas na convocatoria bianual de 2021-2022
- Os proxectos aprobados supoñen a mobilización de preto de 31 millóns de euros e unha axuda pública de 13,6 millóns de euros
- No ano 2021 tamén se resolveu a convocatoria para actividades de cooperación, cun orzamento total de case 500.000 euros que permitiu aprobar un total de sete proxectos
- Durante todo o período 2014-2020, que establece o Programa de desenvolvemento rural de Galicia, foron aprobados 1.495 proxectos cunha axuda pública de 71,5 millóns de euros, os cales conseguiron consolidar 3.256 empregos e crear outros 933 novos postos de traballo

O Goberno galego avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o impacto das axudas da medida Leader, que xestiona a Xunta a través dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) galegos, no ano 2021. Así, ao longo do pasado exercicio, creáronse na nosa Comunidade preto de 205 novos empregos e consolidáronse 677 postos grazas a esta liña de axudas correspondente á medida 19 do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Neste senso, no conxunto dos 24 GDR galegos aprobáronse un total de 280 proxectos, mobilizando un orzamento de preto de 31 millóns de euros, dos cales a axuda pública foi de 13,6 millóns de euros. Do total de proxectos aprobados, 141 foron de carácter produtivo (aqueles que supoñen a realización dunha actividade económica), cun orzamento de 25 millóns de euros e unha axuda pública de 9,7 millóns de euros.

Os 139 restantes foron iniciativas non produtivas (representan un interese público, social ou colectivo) e supuxeron a mobilización dun orzamento de 5,7 millóns de euros e unha axuda pública de 3,7 millóns de euros. Neste caso, cómpre sinalar que destes proxectos non produtivos, 92 foron solicitados por concellos -na súa calidade de institucións públicas-, os cales mobilizaron 4,2 millóns de euros cunha axuda pública de 2,6 millóns de euros. Outros 41 proxectos deses 139 foron solicitados por institucións privadas sen ánimo de lucro, que mobilizaron un orzamento de 1,5 millóns de euros e contaron cunha axuda pública de 1,1 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Se analizamos os datos por provincias, cabe salientar que na da Coruña se aprobaron 79 proxectos cunha achega pública de 3,4 millóns de euros, en Lugo aprobáronse 69 proxectos cunha achega pública de 3,8 millóns de euros, en Ourense houbo 83 iniciativas con 3,8 millóns de euros e en Pontevedra 49 proxectos con 2,4 millóns de euros.

Así, os proxectos aprobados polos que apostan os distintos GDR inciden na mellora da calidade de vida dos galegos, sobre todo da poboación máis envellecida; na implantación das TIC e de servizos profesionais básicos nas zonas rurais e na rehabilitación do patrimonio cultural dos pobos e aldeas do territorio. Falamos, pois, dunha mellora da capacidade produtiva do rural galego a través da diversificación económica.

Proxectos de cooperación

Tamén no ano 2021 se resolveu a convocatoria para actividades de cooperación, cun orzamento total de case 500.000 euros. Neste caso, a finalidade destas subvencións foi fomentar a cooperación entre os GDR galegos con outros grupos de España, da Unión Europea ou de terceiros países, sempre que tiveran intereses comúns nun determinado ámbito, para avanzar no desenvolvemento local e na aprendizaxe mutua buscando solucións conxuntas a problemas concretos.

Neste caso, aprobáronse un total de sete proxectos, dos cales tres son de posta en valor e promoción dos produtos agroalimentarios, dous relacionados coa cultura e a etnografía, un de valorización da cultura do monte e outro de emprendemento e desenvolvemento do emprego.

Período 2014-2020

No informe avaliado hoxe tamén se fai mención aos resultados conseguidos a través deste programa para o período 2014-2020. Así, os principais obxectivos que establece o Leader en Galicia para este período estanse a acadar de maneira satisfactoria nos territorios do rural en que os diferentes GDR teñen o seu campo de acción. Nesta liña, aprobáronse 1.495 proxectos (771 produtivos e 724 non produtivos) cos cales se conseguiron consolidar 3.256 empregos e crear outros 933 novos postos, cunha axuda pública de 71,5 millóns de euros.

Estas cifras reforzan a importancia do programa Leader como ferramenta que contribúe ao equilibrio territorial no rural galego, posto que o elemento esencial da metodoloxía Leader é que se trata de "procesos de abaixo cara a arriba", de forma que se garanta a participación activa dos principais axentes locais nestas políticas, a través do labor dos GDR.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA